

Acta da Sesión Ordinaria da Comisión de Calidade do 13 de outubro de 2016

Asistentes:

Arribas Álvarez, M.Carmen
Eguileta Franco, José M^a
Garrido Labrador, Begoña
Presedo Garazo, Antonio
Reboreda Morillo, Susana
Sánchez Ferro, Pablo
Uña Álvarez, Elena de
Vaquero Díaz, Beatriz

Desculpan a súa ausencia:

Comendador Rey, Beatriz
López Díaz, María
Real López, Arturo

Na Sala de Profesores da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnen-se os membros da Comisión de Calidade, o xoves 13 de outubro de 2016, ás 16.30 horas en segunda e definitiva convocatoria, desenvolvéndose a orde do día prevista pola convocatoria do 10 de outubro de 2016:

- Lectura e aprobación da acta anterior (28 de xullo de 2016)
- Informe da Decana
- Planificación de accións de calidade dos centros e títulos para o curso 2016/17, a partir do Informe de revisión interna e do PAM
- Actualización, se procede, do PAT para o curso 2016/17
- Aprobación, se procede, do Informe final de avaliación do PAT do curso 2015/16
- Aprobación, se procede, dos Procedementos de selección, admisión e matriculación do estudantado do Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural (AC-0104 P1 e AC-0201)
- Revisión e simplificación, se procede, do Procedemento para o seguimento e o control da docencia
- Rolda de intervencións

1. Lectura e aprobación da acta anterior (28 de xullo de 2016)

Apróbase a acta por asentimento.

2. Informe da Decana

- Escusa a ausencia de Arturo Real (motivos persoais), Beatriz Comendador (permiso) e María López (ano sabático).
- A decana informa que, de acordo con plan de coordinación do grao, mantivo a primeira xuntanza cos delegados de todos os cursos. Nesta xuntanza expuxéronlle o seu malestar polo sistema de contratación da UVigo, xa que non substitúen ao profesorado fixo que por diversas causas deixa a universidade, senón que optan pola contratación temporal de persoal que non teñen que asumir as mesmas obrigas e habitualmente non teñen a mesma implicación. Esta situación redunda na sobrecarga de funcións no persoal docente fixo. Antonio Presedo pensa que esta política depende do equipo reitoral e que mentres non cambie, non van introducirse cambios. Beatriz Vaquero non coincide con esta afirmación, e achaca o problema a Xunta de Galicia que para ela é quen aplica os filtros á hora de permitir a contratación. Tanto José M^a Eguileta como Pablo Ferro preguntan sobre as consecuencias particulares e se lles explica que aos estudantes aféctalles por exemplo á hora de escoller temática para a elaboración do TFG, pois moitas das áreas, son únicas, é dicir hai un docente por área. A reflexión conxunta é que esta problemática redunda na sobrecarga de determinado profesorado e na calidade da ensinanza, do que se quere deixar constancia.

Outro tema que lles preocupa aos estudantes e que transmitiron á decana é o sistema de préstamo da Biblioteca da UVigo, porque son poucos libros e pouco tempo para cubrir as necesidades do conxunto das actividades que teñen que realizar nas diversas materias. Entendendo lóxica desta demanda a decana recomendoulles que fixeran, de xeito individual, unha queixa no sistema de queixas, parabéns e suxestións da UVigo. Tamén dende a facultade se enviou un escrito ao director da biblioteca demandando a mencionada ampliación. O director da biblioteca contestounos que se está facendo unha reforma completa do regulamento e contéplase a modificación das condicións de préstamo. Tanto José M^a Eguileta como Pablo Ferro coinciden co resto da comisión que a demanda dos estudantes é comprensible.

Outra demanda é que o profesorado se puxera de acordo á hora de solicitar o tipo de cita que debe empregar o estudantado no traballo, xa que non hai unanimidade. A profesora Beatriz Vaquero di que deben aprender tódolos sistemas de citas que hai porque logo en cada revista hai que adoptar un diferente. Sen embargo Pablo Sánchez opina que se debería unificar nun sistema porque logo non vai haber tanto alumnado que publique artigos. A decana comenta que aínda que a opinión dalgún docente, expresada na xunta de facultade, dirixíase a darlle liberdade de opción esixindo que sexa correcta, a maioría opinaron do mesmo xeito que expresou Beatriz.

- Informa sobre a mobilidade do grao no curso 2016-2017. Respecto a mobilidade propia: un total de 6 alumnos e alumnas forman parte do programa de intercambio Erasmus plus cos seguintes destinos: 3 en Polonia (2 en Kielce e 1 en Lodz), 2 na República Checa República Checa (Ústí nad Labem) e 1 en Portugal (Lisboa), dúas alumnas optaron polo intercambio SICUE con destino na Universidade de Salamanca. Con respecto ao alumnado Erasmus alleo, recibimos a unha alumna do Brasil (Río de Janeiro), unha alumna de Italia (Cagliari) e un alumno de Turquía (Ankara). Todos os membros coinciden na idea de que é unha porcentaxe elevada. En relación co Máster, a profesora Beatriz Vaquero comenta que de momento non hai ningún acordo Erasmus asinado.
- Seguindo a axenda proporcionada pola Área de Calidade, é o momento de solicitar, vía e mail, ao PDI as suxestións/necesidades de formación e ao PAS as necesidades de contratación e formación.

3. Planificación de accións de calidade dos centros e títulos para o curso 2016/17, a partir do Informe de Revisión Interna e do PAM

A decana recórdalle aos representantes da sociedade que o PAM e o Plan de Accións de Mellora do centro, que recolle as necesidades detectadas no momento no que se elaboran os informes de seguimento. O primeiro paso para planificar estas melloras é revisar as accións propostas e comprobar o seu grado de execución (se están realizadas, realizadas parcialmente ou en proceso). O balance é o seguinte:

Trece accións están realizadas, delas as seguintes relaciónanse directamente con esta Comisión:

- Incrementar a actividade da mesma
- Expandir entre os axentes implicados a importancia do SIGC
- Operatividade do SIGC
- Adecuación dos procedementos
- Análise taxa de abandono
- Incremento participación enquisas satisfacción

Outras teñen que ver coas liñas estratéxicas do Centro:

- Ampliar a campaña de difusión
- Ampliar os contactos cos centros de Ensinanzas Medias
- Reforma páxina web
- Planificar a acollida do estudantado semipresencial

Outras coa planificación docente:

- Adecuación guías docentes á modalidade semipresencial
- Xornadas informativas ao estudantado
- Coordinación: reunións trimestrais entre a decana e os delegados e delegadas dos cursos.
- Política de ampliacións de convenios

Sete accións están realizadas parcialmente:

-Recursos materiais: continuar coa mellora dos equipos informáticos do laboratorio de informática, adecuación das aulas (mellora dos asentos e enchufes para portátiles), do acondicionamento de espazos comúns, estableceuse o seminario de 3º ciclo, pero non a sala de profesorado.

Das realizadas, os integrantes da Comisión entenden que algunhas delas hai que continuar coa súa mellora:

- Expandir as accións e concienciación da Calidade entre os membros da comunidade do centro.
- Seguir revisando e actualizando os procedementos
- Manter a campaña de difusión
- Continuar coa ampliación dos convenios.

Unha tarefa está pendente: coñecer a causa de descenso de satisfacción do estudantado co PAS. Acórdase analizar as enquisas do pasado curso para ver se se mantén a tendencia ou foi un aspecto puntual.

En relación coas melloras introducidas na modalidade semipresencial a decana comenta que asistiu a unha xuntanza coas tres titulacións que imparten esta mesma modalidade na Universidade de Vigo, o obxectivo foi chegar a unha coordinación das pautas comúns que rixen as materias e o estudantado e a procura dun apoio institucional coa finalidade de promocionar estas titulacións. Chegouse ao acordo de seleccionar dúas materias por título e traballar nunha mesma proposta que inclúa medios tecnolóxicos que posúe a UVigo, como gravacións, e-meeting... A continuación houbo unha xuntaza co vicerreitor de Internacional que mostrou a súa conformidade coa difusión destes graos, sobre todo a nivel internacional.

José M^a Eguileta pregunta se as materias semipresenciais levan o mesmo ritmo das presenciais. Beatriz Vaquero explícalle que se intenta que sexa avaliación continua e que todas as actividades presenciais teñan unha equivalencia para a modalidade semipresencial, que ela persoalmente, non fai diferenza entre presenciais e semipresenciais, senon entre avaliación continua ou avaliación final. O punto que antes se concedía en base a participación activa nas aulas, agora non se restrinxen ás aulas, senón á plataforma. Todos estes aspectos están reflectidos nas Guías

Docentes, que se reformaron para reforzar e clarificar as actividades do estudantado semipresencial.

Pablo Sánchez pregunta se creceu o alumnado que traballa na modalidade semipresencial, obxectivo que fixamos nunha xuntanza de Calidade, a decana contéstalle que si, que a falta dos datos actualizados, nas primeiras fases de matrícula de 20, 11 eran desa modalidade, probablemente será arredor do 50% dos matriculados en 1º curso.

Despois destas reflexións sobre as dúbidas que xeran as Melloras acórdase actualizar o PAM incluíndo as accións que se van implementando.

Dentro das posibles melloras considérase a situación do centro cara a un Plan estratéxico, a decana aclara ante a pregunta de Pablo Sánchez que non é obrigatorio. Hai unanimidade na idea de que agora non é o momento de formalizalo. Primeiro porque estamos inmersos en dúas avaliacións: acreditación do título e certificación do SIGC. Segundo porque a propia Universidade, neste momento carece de dito plan, ao ter caducado o anterior e non implementado un novo. Esta decisión non implica que o centro careza dunha clara estratexia que pódese precisar nas seguintes accións:

- Superar as avaliacións mencionadas (acreditación e certificación)
- A captación de novo estudantado, fortalecendo a modalidade semipresencial e a difusión dos títulos, especialmente do grao, por encontrarse inmerso nun plan de viabilidade
- Pequena reestructuración da memoria do Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural, Beatriz Vaquero, en calidade de secretaria do mesmo, explica que dado que o profesorado da Escola de Restauración de Pontevedra deuse de baixa do máster polas medidas que a UVigo acordou aplicar ao profesorado externo e a escola figura na memoria como a terceira institución colaboradora, será preciso omitila dos distintos apartados onde aparece. Sen embargo o plan de estudos non vai sufrir cambios, xa que se contratará a outro profesorado para impartir as materias dese módulo, que este curso académico, polas circunstancias mencionadas, non puido ser ofertado.

4. Actualización, se procede, do PAT para o curso 2016/17

A comisión revisa o procedemento e parécelle correcto salvo no que respecta aos anexos, que acorda simplificalos, co obxectivo de reducir a burocracia e os rexistros que se realizan por consideralos excesivamente minuciosos. Así acórdase manter o anexo I que recolle a asignación de titor/a ao estudantado, o anexo II ficha inicial que detecta as necesidades dos novos alumnos só se lle pasará aos de 1º, o anexo III de seguimento para todo o alumnado, o anexo IV-A que valora a satisfacción do alumnado, a partir da suxestión de Beatriz Vaquero, propónse que non se faga diante do titor/a. José M^a Eguileta propón que se lle dea o impreso e que o alumnado o cubra e o entregue na caixa de suxestións que hai na secretaría de decanato. A profesora Beatriz Vaquero propón levar ao alumnado á aula de informática e que o faga online. Despois de analizar as dúas opcións, óptase pola

proposta primeira e así preservar o anonimato das respostas. Hai unanimidade en anular o anexo IV-B que valora a opinión do profesorado sobre o PAT, deste xeito redúcese a burocracia e este colectivo poderá expresar cando o desexe a necesidade de cambios o as suxestións que considere.

Acórdase modificar o PAT en relación as propostas feitas dos anexos.

5. Aprobación, se procede, do Informe final de avaliación do PAT do curso 2015/16

Antonio Presedo explica de forma xenérica os datos que figuran no informe e que se enviou xunto coa convocatoria da comisión. O aspecto máis salientable refírese á participación, o profesorado cun 56,25% e o alumnado cun 20%. A idea é que esta baixa participación do estudantado débese a que non ve a necesidade.

Pablo Sánchez suxire que se lle pregunte ao profesorado o motivo de non convocar aos estudantes asignados. Acéptase a proposta, aínda que tamén se indica que hai veces que se fan as convocatorias e o alumnado non asiste. Dous profesores comentaron esta circunstancia, quizais outros pasen pola mesma situación, pero non comentan a incidencia.

Apróbase o informe e a importancia de coñecer as causas da baixa participación, así como colocar, ademais de na web como é habitual, nas aulas o listado de asignación titores/as-estudantes.

6. Aprobación, se procede, dos Procedementos de selección, admisión e matriculación do estudantado do Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural (AC-0104 P1 e AC-0201)

A decana cédelle a palabra a Beatriz Vaquero, secretaria da Comisión Académica do máster, para que explique o proceso que se enviou previamente coa convocatoria. A secretaria comenta que o procedemento segue o que se atopa aprobado na memoria e que dado o correcto funcionamento non se precisa introducir cambios. O número de matriculados é de 20.

Apróbase o procedemento.

7. Revisión e simplificación, se procede, do Procedemento para o seguimento e o control da docencia

A comisión revisa o procedemento e propón, na idea xa comentada de simplificar os procesos e reducir a burocracia, reducir os rexistros e polo tanto o punto relativo no proceso. Así acórdase deixar os considerados como máis significativos: os partes de asistencia a clase, de realización de exame e de entrega de actas, todos os demais elimínanse. Proponse que nos demais aspectos (non cumprimento de titorías, revisión de exames ou tarefas e entrega de cualificacións provisionais) as anomalías sexan comunicadas a través do sistema de queixas, suxestións e

parabéns da UVigo. A causa de seleccionar os mencionados rexistros é porque non se detectaron anomalías no cumprimento desas tarefas docentes.

Apróbase a revisión do procedemento incluíndo a simplificación dos partes de sinaturas.

8. Rolda de intervencións

Non hai.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 18.15 horas, e de todo dou fe como secretaria

A decana



Susana Reboreda Morillo

A secretaria



MCarmen Arribas Álvarez